



Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: contratacion@ourense.es

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE FEBREIRO DE 2019

Mesa de Contratación. Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Ana María Fernández Morenza (presidenta)

Gonzalo Alonso Álvarez (vogal)

Juan Ramón Costas Núñez (vogal)

Carlos Javier Fernández Fernández (vogal)

José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, reúnese a Mesa de contratación, ás 14:00 horas do 05/02/2019, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

“1. Comprobación da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos e da constitución da garantía definitiva e , no seu caso, proposta de adxudicación, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO ORDINARIO DA SUBMINISTRACIÓN EN LOTES DA RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE DIVERSAS LICENZAS DE SOFTWARE DO CONCELLO DE OURENSE (expediente 2018020693)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión”

Lémbrese á Mesa que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 3 de xaneiro de 2019, acordou a ordenación decrecente das ofertas admitidas á licitación e requiriu aos licitadores que presentaron a oferta económica mais vantaxosa para que presentaran a xustificación do cumprimento dos requisitos previos aos que se refire o artigo 140 da LCSP.

O antedito acordo foi notificado a NKE CAD SYSTEMS SL (lotes 1 e 2) o 15/01/19, a Dispal Astur SA (lote 3) o 14/01/19, e a Asac Comunicaciones SL (lote 4) e a Coremain SLU (lote 5) o 08/01/19.

Todas as empresas achegaron a documentación requirida a través da sede electrónica ou do Rexistro Xeral do Concello: Asac Comunicaciones SL (11/01/19), Dispal Astur SA (14/01/19), Coremain SLU (17/01/19) e NKE CAD SYSTEMS SL o 29/01/19.

Dáse conta á mesa do informe elaborado polo Secretario da Mesa no que se conclúe que as empresas NKE CAD SYSTEMS SL (lotes 1 e 2), Asac Comunicaciones SL (lote 4) e Coremain SLU (lote 5) teñen achegado toda a documentación preceptiva.





Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3
32005-Ourense
Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494
e-mail: contratacion@ourense.es

No que atinxe ao lote 3, Dispal Astur SA non achega o bastanteo do poder pola asesoría xurídica do concello nin os certificados de boa execución esixidos para a acreditación da solvencia técnica.

Así mesmo dáse conta á Mesa de que téñense incorporado ao expediente de oficio certificados da inexistencia de débedas co Concello de Ourense.

En base ao que antecede, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Único.- Requirir novamente a Dispal Astur SA, empresa que quedou en primeiro lugar no lote 3, correspondente á contratación mediante procedemento aberto ordinario da subministración en lotes da renovación e mantemento de diversas licenzas de software do Concello de Ourense (expediente 2018020693) para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP) de entre a especificada no artigo 15 do prego de cláusulas administrativas particulares:

— Acreditación do pagamento da taxa preceptiva para proceder ao bastanteo do poder por parte da Asesoría Xurídica do Concello (achégase carta de pagamento).

— Certificados de boa execución das subministracións/traballos expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade de dereito público ou mediante un certificado ou unha declaración do empresario privado (o empresario que contratou a Dispal Astur SA), cando o destinatario sexa un suxeito privado.

Se no prazo anteriormente sinalado non se cumprimentase adecuadamente esta documentación, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, e requirirase a mesma documentación ao seguinte licitador, sen prexuízo da facultade que ten a mesa -se observase erros ou defectos materiais na documentación presentada que fosen emendables- de solicitarlle o licitador que emende o erro no prazo de cinco días. De conformidade co disposto no Artigo 150.2 da LCSP, no caso de que non se cumprimente este deber, procederá a esixírselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica

